



## LISTA DE ASISTENTES

Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cidrás Pidre, José  
 De Oca Cancela, Guillermo  
 De Vicente Remesal, Javier  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Domínguez Castro, Luis  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fernández Álvarez, Antón  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 González Piñeiro, Luis  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Lago Teijeiro, Xan  
 Martínez Cobas, Xavier  
 Meijón Couselo, Guillermo Antonio  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Pajares Domínguez, Sergio  
 Pousada Carballo, José M<sup>a</sup>  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rey García, Daniel  
 Rubiños López, J. Óscar  
 Sánchez Bello, Patricio A.  
 Suárez Creo, Juan  
 Surís Regueiro, Juan  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique  
 Vázquez López, Ezequiel M.  
 Viso Alonso, Augusto

### DESCULPAN ASISTENCIA:

Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Fandiño Alonso, Xaime  
 Gueimonde Canto, Ana Isabel  
 Legido Soto, José Luis  
 Pérez Castrillo, Lois  
 Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 23 de setembro de dous mil catro, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves, día 23 de setembro de 2004, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2004.
2. Informe do reitor.
3. Asuntos de profesorado: convocatoria de concurso de acceso entre habilitados.
4. Aprobación, se procede, dos cursos: Especialista en menores en situación de desprotección e conflito social – I Curso de especialista en acústica aplicada – Máster en educación en igualdade de xénero e políticas de igualdade – Especialista en educación e xénero – Especialista en política de igualdade – Máster en dirección e xestión de entidades deportivas.
5. Aprobación, se procede, da proposta para a regulación do tráfico no campus de Vigo.
6. Toma de acordo ante o recurso de alzada presentado por Dona Reyes Pérez Fernández contra Acordo da xunta de escola de Fisioterapia.
7. Aprobación, se procede, do nomeamento de D. Juan Carnero Jardón, D. José Manuel Alarcón Aguín e D. José Alfredo Chaljub Duarte, como membros do Instituto de Electrónica Aplicada “Pedro Barrié de la Maza”.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias do Mar.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenios Marco e Específico de colaboración entre a Universidad Anáhuac de Xalapa e a Universidade de Vigo – Acordo específico para o intercambio de estudantes e profesores entre a Universidad de Costa Rica e a Universidade de Vigo – Acordo de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidad de El Cairo – Convenio marco de colaboración entre a Universidad Latina de Costa Rica e a Universidade de Vigo – Convenio marco e específico de colaboración entre a Politechnika Slaska e a Universidade de Vigo.
10. Rogos e preguntas.

**Punto 1:** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2004.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2:** Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

En relación co pleno do Consejo de coordinación universitaria celebrado en xullo, a Ministra informou sobre as modificacións que o seu ministerio tiña pensado levar a cabo. Foi unha declaración de intencións, pero sen grandes concrecións.

Os puntos máis importantes aos que se referiu foron os seguintes:

- Impulsar o EEES.
- Publicar, antes do mes de xaneiro, aqueles decretos que estaban listos e pendentes de publicación.
- Elaborar un marco de financiamento para a universidade española.
- Reformar a LOU nos aspectos seguintes:
  - ANECA: Redefinir a súa composición, estrutura, competencias, etc.
  - Habilitación: a idea é convertela nunha acreditación e que en xaneiro será a primeira habilitación polo novo modelo.
  - Modificar o tema do acceso á universidade.
  - Reformar algo en relación co Consejo de coordinación universitaria.
  - Proponer probablemente algún cambio nalgunha transitoria.
  - Tocará os temas de homologación dos títulos que están na lei.

Finalmente a Ministra comprometeuse a falar da política investigadora no próximo pleno do Consello.

Sobre política investigadora o reitor informa dunha intervención de hai poucos días de Salvador Barberá (Secretario xeral de política científica e tecnolóxica do MEC), que resumida consistiu no seguinte:

- O 25% de aumento que prometeu o goberno vai en serio.
- Nun futuro próximo haberá un aumento do número de investigadores na universidade, pero de xeito selectivo.
- Haberá unha política clara que conduza á incorporación dos actuais Ramón y Cajal como contratados nas universidades.
- Estase a deseñar un programa de apoio ao profesorado universitario, que xa está exercendo como tal, para que se libere das súas obrigas docentes, e poida dedicarse de forma plena ao labor investigador.

En relación coas negociacións coa Xunta de Galicia sobre o financiamento do Sistema universitario galego, informa de que van no camiño do aprobado polo Claustro desta universidade no seu día e sinala que nestes momentos hai unha postura conxunta das tres universidades. O proceso non está rematado e séguese traballando no tema.

En relación coa venta do anexo ao reitorado informa de que está prevista unha nova poxa. Así mesmo di que o Concello mostra un certo interese na adquisición do antigo reitorado e a traseira do mesmo que está construída sobre un solar que non é da universidade, e falouse dun posible convenio. A Deputación de Pontevedra tamén manifestou interese de entrar no mesmo, pero falta concretar os termos nese convenio.

Do nomeamento do profesor Dr. D. Ricardo Beiras García-Sabell como director da Estación de ciencias mariñas.

Sobre os traballos das comisións do claustro encargadas de elaborar os regulamentos previstos nos estatutos, informa de que no mes de marzo, ao cambiar o goberno, comunicoulle aos presidentes das mesmas que ralentizasen o traballo ata saber un pouco cal ía ser a política da nova Ministra.

A comisión encargada de elaborar o Regulamento de profesorado reuniuse varias veces para elaborar unhas normas provisionais para poder funcionar. De momento estará parada ata ver qué pasa coa habilitación.

A comisión encargada de elaborar o Regulamento do tribunal de garantías e o de réxime disciplinar reuniuse para elaborar un proxecto do primeiro regulamento que está listo para levar ao Claustro e en breve comezará co segundo.

A comisión encargada de facer o Regulamento de centros e departamentos seguirá sen funcionar, xa que aínda non hai nada á vista sobre eses temas.

A comisión encargada de facer o Regulamento de réxime económico e o de PAS empezará a traballar agora, xa está convocada ou a punto de selo para a súa constitución.

A comisión encargada do Regulamento de investigación como aínda hai temas pendentes pode empezar a traballar, e a do Regulamento de estudantes e de exames tamén comezará en canto estean elixidos os novos alumnos.

Finalmente informa de que están invitados a asistir, con voz pero sen voto, ao punto nº 6, Dona Reyes Pérez Fernández e o Director da E.U. de Fisioterapia.

**Punto 3:** Asuntos de profesorado: convocatoria de concurso de acceso entre habilitados.

A Vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que hai dous temas:

En primeiro lugar está a convocatoria de concurso de acceso entre habilitados dunha praza de catedrático de universidade na área de Matemática Aplicada e na documentación figura a proposta do tribunal que sae de aplicar a Normativa reguladora dos concursos de acceso.

En segundo lugar expón a proposta da COAP, que se delegue na mesma a tramitación e remisión ao BOE das convocatorias dos concursos de acceso entre habilitados.

Apróbanse as dúas propostas por asentimento (ver anexo I).

**Punto 4:** Aprobación, se procede, dos cursos: Especialista en menores en situación de desprotección e conflito social – I Curso de especialista en acústica aplicada – Máster en educación en igualdade de xénero e políticas de igualdade – Especialista en educación e xénero – Especialista en política de igualdade – Máster en dirección e xestión de entidades deportivas.

O Vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa das 6 propostas de primeira edición de cursos de posgrao, todas teñen informe favorable e están pendentes da aprobación das taxas polo Consello Social.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 5:** Aprobación, se procede, da proposta para a regulación do tráfico no campus de Vigo.

O Vicerreitor de planificación explica a proposta presentada sobre a regulación do tráfico. Comenta o traballo levado a cabo polo profesor Luis Espada, Presidente do Tribunal de Garantías, sobre fluxo de tráfico e permanencia no campus de Lagos-Marcosende e resalta as conclusións máis importantes que saen deste estudo.

A proposta é de resolver en primeiro lugar o seguinte:

- Sinalización direccional, perimetral e interior, do campus.
- Sinalización horizontal e vertical das zonas de prohibición de aparcadoiro.
- Información das medidas adoptadas a todos os usuarios das instalacións e viais do campus.

Rematadas estas actuacións, solicita a autorización do Consello de Goberno para comezar unha campaña de concienciación, máis ben informativa e pouco coercitiva, mediante adhesivos que lembren aos infractores a desconsideración que teñen cos demais usuarios do campus.

O Sr. Lago Teijeiro di que o que figura no estudo feito polo profesor Espada en relación cos aparcadoiros da E.T.S. de Telecomunicación non é de todo correcto, xa que el cre que están todos ocupados e polo tanto non son suficientes.

O Vicerreitor di que o estudo fíxose a conciencia e que si é certo que non están todos ocupados.

O reitor comenta que do estudo se deduce que moitos usuarios se desprazan en transporte privado, polo que cre que haberá que meditar sobre a inversión que a universidade fai na axuda ao transporte público, aínda que isto non é para debater nesta sesión.

O Sr. Lago Teijeiro di que os estudantes prefiren o transporte privado porque hai liñas do transporte público que en horas punta van sobrecargadas.

O profesor Membiela propón unha redacción para os adhesivos máis en positivo.

Apróbase por asentimento tendo en conta o proposto polo profesor Membiela.

**Punto 6:** Toma de acordo ante o recurso de alzada presentado por Dona Reyes Pérez Fernández contra Acordo da xunta de escola de Fisioterapia.

O Vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente di que recibiu a proposta de cambio de dirección proposta pola E.U. de Fisioterapia e despois do asesoramento pola asesoría xurídica, elevou dita proposta á COAP que a aprobou por unanimidade.

Intervén a profesora Reyes Pérez Fernández para facer unha exposición dos motivos que a levaron a presentar o recurso. Indica que non asistiu á xunta de escola na que se decidiu o cambio de dirección por causas xustificadas e considera que na mesma fixéronse acusacións graves contra a súa persoa sen demostrar previamente os feitos.

Por todo iso solicita a súa restitución no cargo e que sexa enviado un escrito de desagravio a todas as persoas implicadas.

A continuación intervén o profesor Rodríguez Fuentes, Director da E.U. de Fisioterapia, di que a documentación presentada é suficientemente clara e completa e considera que non é necesario engadir nada máis, unicamente di que a profesora Reyes Pérez, na súa intervención introduzo unha serie de cuestións persoais que non teñen nada que ver coa xunta de escola.

O reitor di que estes asuntos son complicados para que os membros do Consello de Goberno tomen unha decisión, xa que son temas moi concretos, pero é difícil non validar unha decisión dun órgano de goberno como é a xunta de escola e unha decisión da COAP aprobada por unanimidade, pero pide á dirección da escola que intente reformular a relación entre a escola e a profesora Reyes Pérez para que nun futuro haxa unha maior sinerxía entre ambas e poidan chegar a un acordo.

Despois de varias intervencións o reitor propón realizar a votación nos termos seguintes:

Votos a favor da desestimación do recurso .....	19
Votos en contra .....	0
Abstencións.....	4

Queda rexeitado o recurso presentado por Dona Reyes Pérez Fernández.

**Punto 7:** Aprobación, se procede, do nomeamento de D. Juan Carnero Jardón, D. José Manuel Alarcón Aguín e D. José Alfredo Chaljub Duarte, como membros do Instituto de Electrónica Aplicada “Pedro Barrié de la Maza”.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8:** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias do Mar.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9:** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenios Marco e Específico de colaboración entre a Universidad Anáhuac de Xalapa e a Universidade de Vigo – Acordo específico para o intercambio de estudantes e profesores entre a Universidad de Costa Rica e a Universidade de Vigo – Acordo de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidad de El Cairo – Convenio marco de colaboración entre a Universidad Latina de Costa Rica e a Universidade de Vigo – Convenio marco e específico de colaboración entre a Politechnika Slaska e a Universidade de Vigo.

A secretaria xeral informa de que todos os convenios teñen os informes preceptivos favorables agás o “Acuerdo específico para el intercambio de estudiantes y profesores entre la Universidad de Costa Rica y la Universidad de Vigo”, no que a Vicerreitora de organización académica e profesorado propón suprimir a primeira frase do apartado 2 da Cláusula III (“la institución de origen mantendrá el salario y los beneficios a los profesores participantes en el intercambio”), condicionando a súa aprobación a que a outra parte acepte esa supresión.

Apróbanse por asentimento nos termos sinalados.

**Punto 10:** Rogos e preguntas.

O Sr. Lago Teijeiro pregunta como van as negociacións coas universidades de Santiago de Compostela e A Coruña en relación cos créditos de libre elección, rogo que fixo en Consello de Goberno no mes de marzo.

O Vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente di que falou co Vicerreitor da Universidade de Santiago de Compostela e que quedaron en retomar o tema, pero que aínda non hai nada concreto.

O Sr. Lago Teijeiro pide información relacionada cos alumnos de Bioloxía que teñen que cambiar de plano de estudos.

A Vicerreitora de organización académica e profesorado di que xa se reuniu o día anterior co Decano de Bioloxía para estudar o alcance do problema e a continuación o Decano tiña unha reunión cos alumnos para informalos.

O Sr. Pajares roga que conste en acta do Consello de Goberno o acordo da Xunta de persoal funcionario de administración e servizos (ver anexo II).

Así mesmo pide ao Xerente e ao equipo de goberno unha reunión coa Xunta de persoal para que esta cuestión non desemboque nunha situación máis desfavorable.

O reitor di que espera que isto non signifique unha ameaza, e que pola súa parte non hai inconveniente en seguir coas conversas.

O profesor Hernández di que na Facultade de Belas Artes fai tres días que se quedaron sen aparcadoiro e pide ao reitor se pode mediar co Concello de Pontevedra para saber se hai algunha alternativa posible.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:45 horas do día 23 de setembro de 2004 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe